

Texto e ilustracións: **ANDRÉS MEIXIDE**

Encadernado en cartóné


70 páxinas a toda cor. 30x21,5 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Thom". BD Banda. ISBN 978-84-8464-601-3

-Castelán: "Thom". BD Banda. ISBN 978-84-935122-7-9

Prezo: 14 €



THOM

Thom é un granxeiro do Medio Oeste americano emigrado en Tui, onde padece os avatares dos labregos galegos, comparte aventuras cos animais da finca e suspira polos rañaceos de Nova York... sempre baixo o omnipresente dominio dunha anónima Carmiña, que soporta as tolerías do seu esperpéntico home e non dubida en darlle o seu merecido con cada despropósito que comete.

- **Temática:** cómic ambientado no rural
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
- **Aspectos destacables:** destaca polos seus contidos adicionais, entre os que figura unha entrevista co autor, o making-off das historietas e homenaxes doutros debuxantes

Os 'sketch' de Andrés Meixide presentan, en apenas dez pasos, situacións surrealistas e hilarantes nas que os protagonistas se someten a circunstancias extremas que os ridiculizan, pero nas que sempre trunfa o sentido do humor. Que se pode agardar do patriotismo exacerbado de Thom ou duns animais tan humanos coma a vida mesma: o porco Cholo, a galina Maruxa, a vaca Carlota e o galo João Afonso.

Non faltan elementos clásicos do cómic americano, como a distribución das viñetas e a abundancia de onomatopeias. No que respecta á temática das historietas, destaca a adaptación de guións cinematográficos, noticias de actualidade social ou política e anuncios, actividade á que se adica o autor na súa faceta como publicista.

Xogar cos dúbidos sentidos e co mundo ao revés son algunhas das armas das que se vale Andrés Meixide para arrincar o sorriso do lector e facerlle pasar un rato agradable. O resultado son chamativos disparates como a chegada da vaca á lúa, os intentos de Thom por psicoanalizar o espantallo ou experimentar con métodos caseiros sobre a clonación animal.

Abundan os paralelismos entre a vida de Thom e a do seu creador: un artista de Vigo afincado en Tui, fronte a un americano emigrado nesa localidade, preto da fronteira con Portugal; a casa do propio ilustrador serve de modelo para o fogar que comparte o granxeiro cos seus animais; mesmo unha toupa que utiliza o xardín do debuxante como campo de manobras acaba sendo un personaxe recorrente nestas páxinas. Se a esta mestura se lle suman elementos imprescindibles do agro galego como o 'chimpin' ou 'maquinillo' e o hórreo, xa temos todos os ingredientes para coñecer o peculiar mundo de Thom.

Neste percorrido polas historias deste álbum descubrimos que, por moita gracia coa que o autor nos presenta a vida no rural, o día a día de agricultores e gandeiros está chea de penurias, estreiteces e altas doses de imaxinación para superar certos obstáculos. Thom procura facer fortuna á inversa, dende as Américas a España; Thom réndelle homenaxe á nobre vida do campo, convértese no símbolo do humor campestre e demostra que 'un non é de onde nace, senón de onde paze'.

ANDRÉS MEIXIDE (Vigo, 1970)

Comezou a súa traxectoria artística como ilustrador para diversas editoriais galegas. *Tempos*, *Cielo Negro* ou *BD Banda* son algunhas das revistas coas que colaborou. *Golfiño* foi a publicación na que o personaxe de Thom se desenvolveu de forma regular nunha serie de historietas. Tamén traballou como deseñador para unha empresa de publicidade, cona que realizou campañas de imaxe e comunicación destinadas a centros comerciais. Recibiu varios galardóns pola súa obra: o primeiro premio do Salón do Cómic de Vigo *Abrir Vigo ao Mar*, o segundo Premio no XI Concurso Galego de Banda Deseñada Xuventude 95 e o segundo Premio no XII Concurso Galego de BD 1996.